



ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ONCOLOXÍA MÉDICA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 4 DE SETEMBRO DE 2020 (DOG Nº 188, DO 16 DE SETEMBRO), POLO QUE SE CONVOCA OS ASPIRANTES AO ACTO PÚBLICO PARA A DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO.

A base sexta da resolución do 4 de setembro de 2020 (DOG nº 188 do 16 de setembro) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Servizo de Oncoloxía Médica dispón que, unha vez nomeada a Comisión de Avaliación, procederase a convocar os aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico de xestión do servizo e do currículo profesional.

Polo que antecede, a Comisión

ACORDA

Convocar os aspirantes á praza de Xefe/a de Servizo de Oncoloxía Médica para o acto público de exposición do proxecto técnico de xestión do servizo e do currículo profesional, que terá lugar o día **16 de decembro de 2020, ás 10:00 horas, na sala nº 2 de docencia, sita no 4º andar do Hospital Universitario A Coruña**. O tempo máximo de exposición do que disporán os aspirantes para a defensa do proxecto será de 40 minutos.

Os aspirantes deberán vir provistos do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade.

A Coruña, 2 de decembro de 2020
O Presidente da Comisión de Avaliación

Asdo.: Antonio Fernández García

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución.

A Coruña, 2 de decembro de 2020

O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

